b) Cando, durante o período de compromiso contraído como condición para a concesión dunha axuda, a persoa beneficiaria transfira a súa explotación a outra persoa que cumpra os requisitos exixidos, esta poderá asumir o compromiso e subrogarse en compromisos e obrigas, durante a parte restante do devandito período. De non asumirse o compromiso, a persoa beneficiaria estará obrigada a reembolsar as axudas percibidas. Poderá non exixir o reembolso se, no caso de cesamento definitivo das actividades agrarias por parte dunha persoa beneficiaria que cumprise unha parte significativa do compromiso, a asunción do compromiso polo/a sucesor/a non resulta factible.

3. a) Cando se concedese un anticipo de acordo co sinalado no artigo 20.11º a), e unha vez certificados os investimentos, consonte o artigo 20, se a axuda definitiva a que ten dereito resultar inferior ao importe do anticipo, o beneficiario reembolsará a diferenza entre o anticipo percibido e a axuda que lle corresponde, máis os xuros legais contados desde o momento do pagamento do anticipo, salvo que concorra algunha das causas de forza maior sinaladas no número 2.

b) Se o beneficario percibir un anticipo e non executar os investimentos no prazo máximo previsto nos artigos 8 e 15, deberá reintegrar todo o anticipo máis os xuros legais contados desde a data do pagamento, salvo que concorra algunha das causas de forza maior sinaladas no número 2.

Artigo 25º.-*Recursos administrativos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou na respectiva orde de convocatoria esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os

casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdicional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa.

Artigo 26º.-*Medidas informativas e publicitarias das axudas cofinanciadas polo Feader.*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellaría do Medio Rural farase constar que, á marxe doutras fontes de financiamento público, concorre o financiamento con fondos Feader, e informarase tamén os beneficiarios do eixe prioritario do programa de desenvolvemento rural en que están incluídas estas axudas.

2. Conforme o establecido no artigo 58 e no anexo VI do Regulamento (CE) 1974/2006, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo VI do referido regulamento. En particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 e 500.000 €, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa ou un panel publicitario, respectivamente, no cal figurará unha descrición do proxecto, así como a bandeira europea e o lema Feader: «*Europa inviste no rural*». Ademais o modelo de cartel identificativo deberá cumprir tamén o disposto no Decreto 370/2009, do 23 de xullo, polo que se regula a utilización da imaxe corporativa do Xacobeo 2010. Para accións que supoñan investimentos que superen un custo total de 50.000 euros, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa, e nas infraestruturas cuxo custo total supere os 500.000 euros instalarase un panel publicitario.

3. Así mesmo, neste senso deberase tamén cumprir o establecido no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 27º.-*Controis, reducións, exclusións e sancións.*

1. A Dirección Xeral de Produción Agropecuaria será a responsable de efectuar as actuacións necesarias tendentes á realización tanto dos controis administrativos das solicitudes de axuda e de pagamento como dos controis sobre o terreo, previos e posteriores ao pagamento, para verificar o cumprimento polos beneficiarios dos compromisos e obrigas que asumisen, todo isto sen prexuízo dos controis que deban realizar outras unidades con base no disposto na regulamentación aplicable a estas medidas.

2. Para estes efectos, será de aplicación o Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006.

3. Os pagamentos calcularanse sobre a base do que se considera elixible, tras determinar:

a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función da solicitude de pagamento. Para tal efecto, tomarase en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supera o importe b) en máis dun 3%, a cantidade pagadoira é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplicará cando o beneficiario poida demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

As reducións prescritas aplicaranse igualmente sobre os gastos non elixibles identificados nos controis sobre o terreo, cando son posteriores ao pagamento, e nos controis a posteriori.

4. Cando se determine intencionalidade na presentación dunha declaración falsa, o beneficiario quedará excluído da axuda Feader en cuestión e do resto das axudas vinculadas á medida durante o exercicio Feader de que se trate e os dous seguintes. Ademais, recuperaranse os importes aboados pola operación ata ese momento, no caso de ter pagamentos parciais.

5. Así mesmo, será aplicable o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 9/2007. Todo o anterior é sen prexuízo das sancións a que puideren dar lugar a aplicación da lexislación vixente en materia de axudas.

## Sección terceira
## Convocatoria 2010

Artigo 28º.-*Convocatoria.*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2010 as axudas regulamentadas por esta orde. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as establecidas, con carácter xeral, nos artigos anteriores.

Artigo 29º.-*Prazo.*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de corenta e cinco días a partir da entrada en vigor da orde.

2. As solicitudes presentaranse en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, preferentemente, nas oficinas agrarias comarcais da Consellería do Medio Rural.

3. Non obstante o anterior, para os casos de primeiras instalacións de mozos/as motivado/as por cesamento anticipado na actividade agraria acollidos ás

axudas a que fai referencia o artigo 23 do Regulamento 1698/2005, de Feader, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo permanecerá aberto ata o 30 de novembro.

Artigo 30º.-*Financiamento das axudas.*

O financiamento das axudas recollidas nesta orde, cofinanciadas con fondos Feader nunha porcentaxe do 57,56%, efectuarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. 11.02.712B 772.0, para as axudas previstas na sección primeira número 1: Plans de mellora da devandita orde, na cal existe crédito adecuado para o ano 2010, de cen mil euros (100.000 euros); para o ano 2011 de tres millóns novecentos mil euros (3.900.000 euros); para o ano 2012 de cinco millóns cincocentos mil euros (5.500.000 euros); e para o ano 2013 de cinco millóns cincocentos mil euros (5.500.000 euros). A dita aplicación orzamentaria poderá incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e da comunidade autónoma.

2. 11.02.712B 772.0 para as axudas previstas na sección primeira número 2: Primeira instalación de agricultores mozos, na cal existe crédito adecuado para o ano 2010 de cen mil euros (100.000 euros); para o ano 2011 de novecentos mil euros (900.000 euros); para o ano 2012 dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 euros); e para o ano 2013 dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 euros). A dita aplicación orzamentaria poderase incrementar con fondos adicionais, comunitarios, e da comunidade autónoma.

No suposto de existir remanente na aplicación sinalada no punto 2 poderíase utilizar para financiar solicitudes da aplicación sinalada no punto 1.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-*Cualificación de explotacións agrarias prioritarias.*

Nos casos en que a documentación presentada pola persoa solicitante das axudas previstas nesta orde sexa abonda e se reúnan os requisitos exixidos, o director xeral de Produción Agropecuaria efectuará a cualificación da explotación como prioritaria, de acordo co establecido no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Segunda.-*Normativa subsidiaria.*

No non previsto nesta orde observarase o disposto no Regulamento 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no Regulamento 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do anterior, no Regulamento 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 aprobado pola Unión Europea, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, así como na Lei 19/1995, de modernización das explotacións agrarias, do 4 de xullo.

Terceira.-*Publicidade das axudas.*

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e da súa publicación na citada páxina web, así como tamén se procederá á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos para os efectos do disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Cuarta.-*Documentación en poder da Administración.*

Os documentos exixidos nesta convocatoria e que figuren nos diferentes rexistros da Consellería do Medio Rural ou na súa base de datos, non será necesario que os presente a persoa solicitante, xa que serán obtidos directamente pola unidade tramitadora do expediente, entre outros, a folla de saneamento gandeiro, a cota láctea, dereitos de prima, axudas do pagamento único, declaración de superficie, cualificación da explotación como prioritaria, cualificación da explotación como ecolóxica ou contrato de explotación sustentable.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción Agropecuaria para o establecemento das marxes brutas das principais actividades produtivas das explotacións das distintas comarcas galegas, así como para ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución do disposto nesta orde, as cales serán publicadas na web da Consellería do Medio Rural.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

*ANEXO I*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**
UNIÓN EUROPEA

| Nº EXPEDIENTE | DATA DE SOLICITUDE |
|---|---|
| | |

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***AXUDAS PARA A MELLORA DA EFICACIA E SUSTENTABILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E PARA A INCORPORACIÓN DE NOVOS ACTIVOS AGRARIOS*** | ***MR404A*** | ***SOLICITUDE*** |

## A AXUDAS PARA A PRIMEIRA INSTALACIÓN DE AGRICULTORES MOZOS

**SITUACIÓN DA EXPLOTACIÓN**

| PROVINCIA | COMARCA | CONCELLO | PARROQUIA |
|---|---|---|---|
| | | | |

| CEA | OAC | CÓDIGO INE |
|---|---|---|
| | | |

**DATOS DO/A MOZO/A**

| TIPO (ver claves 1) | CLASE (ver claves 2) | DATA NACEMENTO | NIF | Nº S. SOCIAL | TIPO SS (ver claves 3) |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| APELIDOS E NOME | ENDEREZO |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | CONCELLO | | TELÉFONO |
|---|---|---|---|
| | | | |

**CÓNXUXE**

| NIF | Nº S. SOCIAL | TIPO SS (ver claves 3) |
|---|---|---|
| | | |

| APELIDOS E NOME |
|---|
| |

**1. DATOS DA EXPLOTACIÓN**

### 1.1. ORIENTACIÓNS PRODUTIVAS DA EXPLOTACIÓN

| | | | ACTUAIS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Udes. | Dereitos/Cota | P. bruto (€/Ude.) | Gastos variables (€/Ude.) |
| Principal (*) | | | | | | |
| Segunda (*) | | | | | | |
| Terceira (*) | | | | | | |

GASTOS XERAIS DA EXPLOTACIÓN

CÓDIGO OTE

(*) Ver claves na páxina seguinte

### 1.2. RÉXIME DE TENZA DA TERRA

| | ACTUAL ha |
|---|---|
| Propiedade | |
| Arrendamento | |
| Comunal | |
| Outras | |

### 1.3. MAN DE OBRA

| | ACTUAL | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | HORAS | UTA HOME | UTA MULLER | UTA ADICIONAL | SALARIOS |
| PROPIA: Titular/es | | | | | |
| Familiares e socios | | | | | |
| TOTAL PROPIA | | | | | |
| ASALARIADA: Fixa | | | | | |
| Eventual | | | | | |
| TOTAL ASALARIADA | | | | | |
| TOTAL UTA | | | | | |

**1. DATOS DA EXPLOTACIÓN (continuación)**

**1.4. DEDICACIÓN DA TERRA**

| CLAVE | CONCEPTO | HECTÁREAS |
|---|---|---|
| 01 | ☐ Millo | |
| 02 | ☐ Cultivos forraxeiros | |
| 03 | ☐ Pradaría artificial | |
| 04 | ☐ Pradaría natural | |
| 05 | ☐ Pasteiros | |
| 06 | ☐ Pataca | |
| 07 | ☐ Amorodo | |
| 08 | ☐ Kiwi | |
| 09 | ☐ Outras froiteiras | |
| 10 | ☐ Hortalizas aire libre | |
| 11 | ☐ Flor aire libre | |
| 12 | ☐ Invernadoiro flor | |
| 13 | ☐ Invernadoiro hortaliza | |
| 14 | ☐ Viveiros | |
| 15 | ☐ Viña preferente | |
| 16 | ☐ Viña non preferente | |
| | ☐ | |
| | ☐ | |
| | ☐ | |
| 20 | S.A.U. TOTAL | |
| 21 | Monte baixo | |
| 22 | Monte alto | |
| 23 | Forestal | |
| 24 | SUPERFICIE TOTAL | |

**1.5. MAQUINARIA**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Ude. | Ano | €/Ude. |
| 25 | Tractor < 40 CV | | | |
| 26 | Tractor > = 40 CV | | | |
| 27 | Colleitadora forraxeira | | | |
| 28 | Empacadora | | | |
| 29 | Motosegadora | | | |
| 30 | Autocargador | | | |
| 31 | Cisterna xurro | | | |
| 35 | Remolque | | | |
| 36 | Báscula | | | |
| 37 | Fertilizadora | | | |
| 38 | Sementadora | | | |
| 39 | Segadora rotativa | | | |
| 40 | Outras máquinas | | | |
| 41 | Arrincadoras patacas | | | |
| 42 | Angazo mecánico de herba | | | |
| 43 | Sementadora patacas | | | |

**1.6. GANDO**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL | |
|---|---|---|---|
| | | Ude. | €/Ude. |
| 44 | ☐ Vacas leite | | |
| 45 | ☐ Xovencas leite | | |
| 46 | ☐ Vacas carne | | |
| 47 | ☐ Xovencas carne | | |
| 48 | ☐ Xatos ceba | | |
| 49 | ☐ Ovellas | | |
| 50 | ☐ Cabras | | |
| 51 | ☐ Eguas | | |
| 52 | ☐ Visóns femias | | |
| 53 | ☐ Coellas | | |
| 54 | ☐ Enxames | | |
| 55 | ☐ Porcas nais | | |
| 56 | ☐ Porcos ceba | | |
| | ☐ | | |
| | ☐ | | |
| | ☐ | | |

**1.7. INSTALACIÓNS**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Ude. | Ano | €/Ude. |
| 32 | Ude. tanque frío | | | |
| 33 | Ude. muxidura sala | | | |
| 34 | Ude. muxidura praza | | | |
| 61 | $M^2$ recría xovencas | | | |
| 62 | $M^2$ recría cuxas | | | |
| 64 | $M^2$ patio exercicio | | | |
| 65 | $M^2$ sala muxidura | | | |
| 66 | $M^2$ leitaría | | | |
| 68 | $M^2$ curro | | | |
| 69 | $M^2$ ceba xatos | | | |
| 70 | $M^2$ invernadoiros | | | |
| 71 | $M^2$ silo | | | |
| 73 | $M^2$ fosa xurro | | | |
| 74 | $M^2$ almacén | | | |
| 75 | M cerca fixa | | | |
| 76 | M camiño | | | |
| 81 | Outras instalacións | | | |
| 82 | $M^2$ nave industrial | | | |
| 83 | $M^2$ nave comercial | | | |
| 84 | $M^2$ construc. vacas leite | | | |
| 85 | $M^2$ construc. vacas carne | | | |
| 86 | $M^2$ construc. porcino | | | |
| 87 | $M^2$ construc. coellos | | | |
| 89 | $M^2$ construc. visóns | | | |
| 90 | $M^2$ inst. turísticas | | | |
| 91 | $M^2$ inst. artesanais | | | |

**2. MODALIDADE E OUTROS DATOS DA PRIMEIRA INSTALACIÓN**

☐ 1a. ACCESO Á COTITULARIDADE DUNHA EXPLOTACIÓN AGRARIA PRIORITARIA, ASUMINDO O MOZO QUE SE INSTALA POLO MENOS O 50% DAS RESPONSABILIDADES XERENCIAIS, DOS RISCOS INHERENTES Á XESTIÓN, E DOS INVESTIMENTOS QUE SE REALICEN, OU QUE O TITULAR LLE TRANSMITA AO MOZO, POLO MENOS, 1/3 DA SÚA PROPIEDADE

- Porcentaxe de participación do mozo no resultado económico: ____ %
- Porcentaxe de transmisión da propiedade: ____ %
- Titular preexistente da explotación:

NIF: ____ NOME: ____

☐ 1b. ACCESO Á TITULARIDADE EXCLUSIVA DA EXPLOTACIÓN AGRARIA POR COMPRA, HERDANZA, DOAZÓN OU APARTACIÓN

- Porcentaxe de participación do mozo no resultado económico: 100%
- Titular preexistente da explotación:

NIF: ____ NOME: ____

☐ 2a. ACCESO Á TITULARIDADE DUNHA EXPLOTACIÓN AGRARIA NON PRIORITARIA

- Porcentaxe de participación do mozo no resultado económico: ____ %
- Titular preexistente da explotación:

NIF: ____ NOME: ____

- Titular co que comparte a xestión da explotación:

CIF: ____ NOME: ____

☐ 2b. ACCESO Á TITULARIDADE POR INTEGRACIÓN COMO SOCIO NUNHA ENTIDADE ASOCIATIVA

- Porcentaxe de participación do mozo no resultado económico: ____ %
- Entidade asociativa titular da explotación:

CIF: ____ NOME: ____

☐ 3. ACCESO Á TITULARIDADE DUNHA EXPLOTACIÓN AGRARIA MEDIANTE CONTRATO DE ARRENDAMENTO OU PARZARÍA

- Porcentaxe de participación do mozo no resultado económico: ____ %
- Titular preexistente da explotación:

NIF: ____ NOME: ____

- Titular con que comparte a xestión da explotación:

CIF ____ NOME: ____

☐ 4. OUTROS:

____

☐ MOZO INSTALADO

Data de primeira instalación: ____

☐ CÓNXUXES EN RÉXIME DE SEPARACIÓN DE BENS

☐ MOZO QUE PRESENTA SIMULTANEAMENTE UN PLAN DE MELLORA DA EXPLOTACIÓN

Tipo de capacitación profesional: ____ (Ver claves 4)

☐ SOLICITA CESAMENTO ANTICIPADO O ANTERIOR TITULAR

**3. AXUDAS**

| CLAVES | NATUREZA DOS GASTOS DE PRIMEIRA INSTALACIÓN | Nº Udes. | PREZO | APLICACIÓN DA AXUDA (clave 5) | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | TOTAL GASTOS | |

| | |
|---|---|
| PRIMA DE INSTALACIÓN SOLICITADA | |
| PRIMA DE INSTALACIÓN QUE VAI PERCIBIR COMO SUBVENCIÓN DIRECTA | |
| IMPORTE DO PRÉSTAMO A XURO BONIFICADO | |

**4. DATOS BANCARIOS**

O solicitante formalizará o préstamo e/ou domicilia o pagamento da subvención correspondente na entidade bancaria

| ENTIDADE | | SUCURSAL | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL | DÍXITOS DE CONTROL | CÓDIGO DA CONTA |
| | | | |

E comprométese a manter a conta aberta ata a finalización do período de xestión da axuda correspondente.

**5. COMPROMISOS**

O solicitante comprométese a:

- Comunicarlle á Consellería do Medio Rural os cambios que poidan afectar a cualificación como explotación agraria prioritaria (artigo 16.2º da Lei 19/1995 e o indicado no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia).
- Cumprir as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais no prazo máximo de 36 meses desde a súa instalación, no suposto de non cumprilas actualmente.
- Exercer a actividade agraria durante cinco anos, contados desde a data de certificación dos investimentos.
- Adquirir a capacitación profesional suficiente prevista na orde da Consellería do Medio Rural que regula estas axudas, nun prazo de dous anos se actualmente non a tiver.
- Colocar unha placa ou un panel explicativo, segundo os investimentos aprobados superen un custo total de 50.000 ou 500.000 euros, respectivamente, no que figurará a bandeira europea, de acordo coas normas gráficas establecidas na regulamentación comunitaria, xunto co lema «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais».

**6. DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN Á SOLICITUDE**

- ☐ Documentación acreditativa da modalidade de primeira instalación
- ☐ Fotocopia do DNI (só no caso de non autorizar a consulta de datos no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia)
- ☐ Plan de explotación ou plan de mellora
- ☐ Informe da Tesouraría da S. Social sobre afiliación, tipo de réxime e períodos de alta (informe de vida laboral)
- ☐ Xustificantes da capacitación profesional
- ☐ Certificación da delegación de Facenda sobre as declaracións do IRPF presentadas
- ☐ Declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas dos anos ____
- ☐ Última declaración do IRPF do anterior titular, ou imposto de sociedades
- ☐ Estatutos ou regulamentos de réxime interno
- ☐ Conformidade da entidade bancaria coa concesión do préstamo
- ☐ Memoria dos gastos
- ☐ Planos e esbozos
- ☐ Facturas pro forma
- ☐ Certificación datos bancarios
- ☐ Solicitude de transferencia de cantidade de referencia de leite e produtos lácteos ou compromiso
- ☐ Solicitude de transferencia de dereitos de prima ou compromiso
- ☐ Solicitude de cambio de titularidade da explotación ou compromiso
- ☐ ____
- ☐ ____

**7. AUTORIZO**

1. A Consellería do Medio Rural para, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.
2. A Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións así como ás sancións impostas.
3. A Consellería do Medio Rural, durante todo o período de compromisos, para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. A Consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. ☐ SI ☐ NON (neste caso achegar documentación)

**8. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE**

**SOLICITO** as axudas establecidas para a PRIMEIRA INSTALACIÓN DE AGRICULTORES MOZOS e
**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,** que todos os datos que anteceden son certos e comprométome a achegar os xustificantes necesarios para a súa comprobación, así como a cumprir os requisitos de compromiso establecidos na orde da Consellería do Medio Rural que regula estas axudas, e aceptar, se é o caso, as verificacións que procedan, de acordo coas axudas solicitadas.
Así mesmo, **SOLICITO** a CUALIFICACIÓN DE EXPLOTACIÓN AGRARIA PRIORITARIA para a explotación en que se vai efectuar esta primeira instalación, de acordo co establecido na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias e no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

**9. LOPD**

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

____________ , ______ de ____________ de ______

O/A SOLICITANTE

*Conselleiro do Medio Rural*

## 10. CLAVES E INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR A SOLICITUDE (MR404A)

### A. CLAVES

| 1. TIPO DE TITULAR | 2. CLASE DE AGRICULTOR |
|---|---|
| 0. Agricultor individual muller<br>1. Agricultor individual home<br>2. Sociedade<br>3. SAT<br>4. Cooperativa agraria<br>6. Outras<br>7. Comunidade de bens<br>8. Agrupación de servizos<br>9. Cooperativa de explotación comunitaria da terra ou de traballo asociado na actividade. | 2. Agricultor profesional (A.P.)<br>3. Non agricultor profesional<br>6. Agricultor a tempo parcial (ATPA)<br>**3. SEGURIDADE SOCIAL**<br>1. Réxime especial agrario da S.S. conta propia<br>2. Outro da rama agraria<br>3. Outro |

### 4. CAPACITACIÓN PROFESIONAL

a) Capataz agrícola, FP agraria ou nivel de formación agraria máis alto.
b) Exercicio da actividade agraria polo menos durante 5 anos desde a certificación dos investimentos.
c) Actividade agraria e cursos de capacitación suficientes.
d) Mozo que ten realizados cursos por un mínimo de 250 horas.
e) Mozo que se compromete a realizar cursos por un mínimo de 250 horas.

### 5. APLICACIÓN DA AXUDA

a) Pagamento da anualidade dun contrato de arrendamento de terras.
b) Gastos notariais ou rexistrais derivados da primeira instalación.
c) Custos financeiros dos préstamos destinados a financiar o circulante do primeiro exercicio económico.
d) Gastos de permisos, licenzas e autorizacións administrativas orixinadas pola instalación.
e) Achega económica á entidade asociativa.
f) Adquisición de dereitos de cotas e de primas.
g) Custos de avais dos préstamos de primeira instalación.
h) Pagamento de dereitos herdeiros e coherdeiros.
i) Adquisición ou acondicionamento da vivenda.
j) Adecuación do capital de explotación.
k) Medidas ambientais, hixiene e benestar animal.

B. INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR A SOLICITUDE

Nesta solicitude trátase de recoller os datos para a realización do estudio técnico-económico e a tramitación dunha axuda á primeira instalación de agricultores mozos.

A data da solicitude será a do rexistro de entrada na Administración.
Situación da explotación: cubriranse todos os puntos en relación coa localización da explotación.
Datos do mozo:

-Tipo de titular: segundo o indicado na clave 1.
-Clase de agricultor: segundo o indicado na clave 2.
-Tipo de S.S. segundo a clave 3.

Datos do cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida: no caso de titular agricultor individual e casado ou con relación análoga, poranse os datos do cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida. Deixarase en branco nos outros casos.

1. DATOS DA EXPLOTACIÓN:
Orientacións produtivas da explotación: segundo as claves da páxina 2 coas súas correspondentes unidades, produto bruto e gastos variables, na situación actual da explotación. Utilizaranse as claves das producións finais agrícolas ou gandeiras obtidas na explotación.

-Gastos fixos xerais da explotación: Inclúe arrendamentos, contribucións, impostos, S.S., combustible, enerxía, xuros, seguros... Non inclúe amortización de edificios e maquinaria.
-Código OTE, en situación inicial e prevista.

Réxime de tenza da terra: a superficie en ha.
Man de obra: na propia familia contabilizarase a daqueles membros da familia que estean afiliados á S.S.A. A man de obra familiar non afiliada á S.S.A. poderá computarse a razón de 0,5 UTA a primeira e 0,25 UTA cada unha das restantes. No caso de socios e asalariados, deben estar afiliados á S.S.A.
Dedicación da terra: especificarase a superficie de cada cultivo na situación actual e na prevista. Na clave 20 súmase a superficie agrícola útil e na 24 a superficie total.
Maquinaria: na situación actual indicarase o nº de unidades, ano de adquisición, así como o valor actual de mercado na situación de uso en que se encontra.
Gando: nº de unidades e valor por unidade.
Instalacións: co ano de construción ou adquisición, e o seu valor unitario actual de mercado de acordo co estado de uso.

Outros datos da explotación:
- Tipo de capacitación profesional: segundo clave 4.
- Solicita cesamento anticipado o anterior titular: porase un S en caso afirmativo e un N en caso negativo.
- Zona desfavorecida: marcarase cunha cruz no caso de que a explotación estea nunha zona desfavorecida ou de montaña.

2. MODALIDADE E OUTROS DATOS DA PRIMEIRA INSTALACIÓN:
Segundo a orde de bases reguladoras da Consellería do Medio Rural debe cubrirse unha das 5 liñas de que consta, poñendo a porcentaxe de participación do mozo no resultado económico, así como os datos do anterior titular.

-Mozo instalado: no caso de que o mozo xa estea instalado no momento de solicitar esta axuda, marcarase cun X e a seguir porase a data desta instalación.
-Mozo que presenta simultaneamente un plan de mellora da explotación: cubrirase cun S en caso afirmativo e N en caso negativo.
-Tipo de capacitación profesional: segundo a clave 4.
-Solicita cesamento anticipado o anterior titular: cubrirase cun S en caso afirmativo e N en caso negativo.

3. AXUDAS:
Cubrirase a clave, natureza dos gastos, aplicación da axuda e importe dos gastos. A aplicación ou finalidade da axuda indicarase coa letra correspondente da clave 5.
Prima de instalación solicitada: importe total da prima de primeira instalación.
Prima de instalación que se percibirá como subvención directa: parte do importe da prima total que se quere percibir como subvención directa.
Importe do préstamo a xuro bonificado: poderá chegar ao 90% do gasto total.

4. DATOS BANCARIOS: cubriranse os datos segundo o certificado que debe emitir a entidade bancaria.

5. DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN Á SOLICITUDE: riscaranse cun X os documentos que se achegan.

6. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE: asinada polo solicitante.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

FEADER: Europa inviste no rural
UNIÓN EUROPEA

| Nº EXPEDIENTE | DATA DE SOLICITUDE |
|---|---|
| | |

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| *SOLICITUDE DE AXUDAS PARA UN PLAN DE MELLORA DA EFICACIA E SUSTENTABILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS* | *MR405A* | *SOLICITUDE* |

## B AXUDAS PARA INVESTIMENTO NUN PLAN DE MELLORA

**SITUACIÓN DA EXPLOTACIÓN**

PROVINCIA | COMARCA | CONCELLO | PARROQUIA

CEA | OAC | CÓDIGO INE

**TITULAR DA EXPLOTACIÓN**

TIPO (ver claves 1) | CLASE (ver claves 2) | DATA DE NACEMENTO OU CONSTITUCIÓN | Nº DE SOCIOS | Nº AP

NIF OU CIF | Nº S. SOCIAL | TIPO SS (ver claves 3)

APELIDOS E/OU NOME | ENDEREZO

CÓDIGO POSTAL | CONCELLO | TELÉFONO

**CÓNXUXE OU REPRESENTANTE**

DNI OU CIF | Nº S. SOCIAL | TIPO SS (ver claves 3)

APELIDOS E NOME

**1. DATOS DA EXPLOTACIÓN**

### 1.1. ORIENTACIÓNS PRODUTIVAS DA EXPLOTACIÓN

| | ACTUAIS | | | | PREVISTAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Udes. | Dereitos/Cota | P.bruto (€/Ude.) | Gastos variables (€/Ude.) | Udes. | Dereitos/Cota | P. bruto (€/Ude.) | Gastos variables (€/Ude.) |
| Principal (*) | | | | | | | | |
| Segunda (*) | | | | | | | | |
| Terceira (*) | | | | | | | | |

GASTOS XERAIS DA EXPLOTACIÓN

CÓDIGO OTE

Orientación produtiva agrícola (*)

(*) Ver claves na páxina seguinte

### 1.2. RÉXIME DE TENZA DA TERRA

| | ACTUAL ha | PREVISTA ha |
|---|---|---|
| Propiedade | | |
| Arrendamento | | |
| Comunal | | |
| Outras | | |

### 1.3. MAN DE OBRA

| | ACTUAL | | | | PREVISTAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | HORAS | UTA HOME | UTA MULLER | SALARIO | HORAS | UTA HOME | UTA MULLER | SALARIO |
| PROPIA: Titular/es | | | | | | | | |
| Familiares e socios | | | | | | | | |
| TOTAL PROPIA | | | | | | | | |
| ASALARIADA: Fixa | | | | | | | | |
| Eventual | | | | | | | | |
| TOTAL ASALARIADA | | | | | | | | |
| TOTAL UTA | | | | | | | | |

Os espazos sombreados serán cubertos pola Administración.

**1. DATOS DA EXPLOTACIÓN (continuación)**

**1.4. DEDICACIÓN DA TERRA**

| CLAVE | CONCEPTO | HECTÁREAS ACTUAL | HECTÁREAS PREVISTO |
|---|---|---|---|
| 01 | ☐ Millo | | |
| 02 | ☐ Cultivos forraxeiros | | |
| 03 | ☐ Pradaría artificial | | |
| 04 | ☐ Pradaría natural | | |
| 05 | ☐ Pasteiros | | |
| 06 | ☐ Pataca | | |
| 07 | ☐ Amorodo | | |
| 08 | ☐ Kiwi | | |
| 09 | ☐ Outras froiteiras | | |
| 10 | ☐ Hortalizas aire libre | | |
| 11 | ☐ Flor aire libre | | |
| 12 | ☐ Invernadoiro flor | | |
| 13 | ☐ Invernadoiro hortaliza | | |
| 14 | ☐ Viveiros | | |
| 15 | ☐ Viña preferente | | |
| 16 | ☐ Viña non preferente | | |
| | ☐ | | |
| | ☐ | | |
| | ☐ | | |
| 20 | S.A.U. TOTAL | | |
| 21 | Monte baixo | | |
| 22 | Monte alto | | |
| 23 | Forestal | | |
| 24 | SUPERFICIE TOTAL | | |

**1.5. MAQUINARIA**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL Ude. | ACTUAL Ano | ACTUAL €/Ude. | PREV. Ude. |
|---|---|---|---|---|---|
| 25 | Tractor < 40 CV | | | | |
| 26 | Tractor > = 40 CV | | | | |
| 27 | Colleitadora forraxeira | | | | |
| 28 | Empacadora | | | | |
| 29 | Motosegadora | | | | |
| 30 | Autocargador | | | | |
| 31 | Cisterna xurro | | | | |
| 35 | Remolque | | | | |
| 36 | Báscula | | | | |
| 37 | Fertilizadora | | | | |
| 38 | Sementadora | | | | |
| 39 | Segadora rotativa | | | | |
| 40 | Outras máquinas | | | | |
| 41 | Arrincadoras patacas | | | | |
| 42 | Angazo mecánico de herba | | | | |
| 43 | Sementadora patacas | | | | |

**1.6. GANDO**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL Ude. | ACTUAL €/Ude. | PREV. Ude. |
|---|---|---|---|---|
| 44 | ☐ Vacas leite | | | |
| 45 | ☐ Xovencas leite | | | |
| 46 | ☐ Vacas carne | | | |
| 47 | ☐ Xovencas carne | | | |
| 48 | ☐ Xatos ceba | | | |
| 49 | ☐ Ovellas | | | |
| 50 | ☐ Cabras | | | |
| 51 | ☐ Eguas | | | |
| 52 | ☐ Visóns femias | | | |
| 53 | ☐ Coellas | | | |
| 54 | ☐ Enxames | | | |
| 55 | ☐ Porcas nais | | | |
| 56 | ☐ Porcos ceba | | | |
| | ☐ | | | |
| | ☐ | | | |
| | ☐ | | | |

**1.7. INSTALACIÓNS**

| CLAVE | CONCEPTO | ACTUAL Ude. | ACTUAL Ano | ACTUAL €/Ude. | PREV. Ude. |
|---|---|---|---|---|---|
| 32 | Ude. tanque frío | | | | |
| 33 | Ude. muxidura sala | | | | |
| 34 | Ude. muxidura praza | | | | |
| 61 | $M^2$ recría xovencas | | | | |
| 62 | $M^2$ recría cuxas | | | | |
| 64 | $M^2$ patio exercicio | | | | |
| 65 | $M^2$ sala muxidura | | | | |
| 66 | $M^2$ leitaría | | | | |
| 68 | $M^2$ curro | | | | |
| 69 | $M^2$ ceba xatos | | | | |
| 70 | $M^2$ invernadoiros | | | | |
| 71 | $M^2$ silo | | | | |
| 73 | $M^2$ fosa xurro | | | | |
| 74 | $M^2$ almacén | | | | |
| 75 | M cerca fixa | | | | |
| 76 | M camiño | | | | |
| 81 | Outras instalacións | | | | |
| 82 | $M^2$ nave industrial | | | | |
| 83 | $M^2$ nave comercial | | | | |
| 84 | $M^2$ construc. vacas leite | | | | |
| 85 | $M^2$ construc. vacas carne | | | | |
| 86 | $M^2$ construc. porcino | | | | |
| 87 | $M^2$ construc. coellos | | | | |
| 88 | | | | | |
| 89 | $M^2$ construc. visóns | | | | |
| 90 | $M^2$ inst. turísticas | | | | |
| 91 | $M^2$ inst. artesanais | | | | |

**1.8. OUTROS DATOS DA EXPLOTACIÓN E DO TITULAR**

Tipo de capacitación profesional (ver claves 4)

En caso de agricultor novo:

- ☐ Mozo instalado — Data 1ª instalación
- ☐ Mozo que se instalará con este plan de mellora
- ☐ Beneficio de agricultor mozo no plan de melloras — ☐ Solicita axuda 1ª instalación
- Porcentaxe do mozo no capital social % — ☐ Solicita o anterior titular o cesamento anticipado

☐ Explotación prioritaria

☐ Produción ecolóxica

☐ Zona desfavorecida

**1.9. IDENTIFICACIÓN DAS UTAS**

| | APELIDOS E NOME: | NIF: |
|---|---|---|
| 1 | | |
| 2 | | |
| 3 | | |
| 4 | | |
| 5 | | |
| 6 | | |
| 7 | | |
| 8 | | |

**2. INVESTIMENTO E OUTROS GASTOS PREVISTOS**

| CLAVES | DESCRICIÓN | OBXECTIVO (CLAVES 5) | R (*) | ANO | Udes. | PREZO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| ANO DE EQUILIBRIO DO INVESTIMENTO | | | | | | INVESTIMENTO TOTAL | |

(*) Reforma das instalacións

**3. DETERMINACIÓN DO INVESTIMENTO OBXECTO DA AXUDA**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Límite máximo de investimento | | | |
| Investimentos anteriores acollidos a plans de melloras | DATAS APROBACIÓN | INVESTIMENTOS CERTIFICADOS | |
| Total investimentos anteriores | | | |
| Cantidade de investimento libre para axudas | | | |
| TOTAL INVESTIMENTO OBXECTO DE AXUDA | | | |
| Préstamo que se vai solicitar | | | |

**4. DATOS BANCARIOS**

O solicitante xestionará a formalización do préstamo e/ou domicilia o pagamento da subvención correspondente na entidade

| ENTIDADE | | SUCURSAL | |
|---|---|---|---|
| CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL | DÍXITOS DE CONTROL | CÓDIGO DA CONTA |
| | | | |

comprométese a manter a conta aberta ata a finalización do proceso de xestión da axuda.

**5. COMPROMISOS**

- Que seguirá cumprindo as normas mínimas en materia ambiental, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria e nacional e co Programa de Desenvolvemento Rural aprobado pola Unión Europea para a modernización das explotacións agrícolas (Medida 1.2.1).
- Comunicarlle á Consellería do Medio Rural, en caso de ser cualificada a explotación como prioritaria, todos os cambios que puidesen afectar a dita cualificación (artigo 16.2º da Lei 19/1995 e o indicado no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia).
- Continuar a actividade agraria na explotación onde realiza os investimentos durante cinco anos desde a data de certificación dos investimentos.
- Colocar unha placa ou un panel explicativo, segundo os investimentos aprobados superen un custo total de 50.000 ou 500.000 euros, respectivamente, no que figurará a bandeira europea, de acordo coas normas gráficas establecidas na regulamentación comunitaria xunto co lema Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais.

**6. AUTORIZO**

1. Á Consellería do Medio Rural, para, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.
2. Á Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións así como ás sancións impostas.
3. Á Consellería do Medio Rural, durante todo o período de compromisos, para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Á Consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

☐ SI ☐ NON (neste caso aportar documentación)

**7. DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN Á SOLICITUDE**

- ☐ Fotocopia do DNI, NIF ou CIF (só no caso de non autorizar a consulta de datos no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia)
- ☐ Informe da Tesourería da S. Social sobre afiliación, tipo de réxime e períodos de alta (informe de vida laboral)
- ☐ Xustificantes da capacitación profesional
- ☐ Declaración do IRPF dos anos
- ☐ Estatutos ou regulamentos de réxime interno
- ☐ Certificado do nº de socios e dos que cumpren os requisitos.
- ☐ Conformidade da entidade bancaria coa concesión do préstamo
- ☐ Documento de participación do mozo nos investimentos
- ☐ Memoria do plan de mellora
- ☐ Planos e bosquexo, ou proxecto
- ☐ Facturas pro forma
- ☐ Certificación datos bancarios
- ☐
- ☐
- ☐

